

3

CONVOCATÓRIA
ASAMBLEA XERAL
ORDINÁRIA

4

EXECUCIÓN
DE SENTENZA
AO CONCELLO
DE A CORUÑA

5

(VIA GALEGO)
BIBLOS-CLUBE
DE LECTORES

6

(VIA GALEGO)
LIBROS EN GALEGO
PARA O BIERZO

7

TENDA REMESA

A M E S A P O L A N O R M A L I Z A C I Ó N L I N G Ü Í S T I C A

A Mesa informa

BOLETIN Nº 43 / ANO XVII
FEBREIRO 2003
5.000 EXEMPLARES


remesa

A campaña de afiliación comezada o pasado verán deu os seus resultados: unhas 250 persoas máis incorporaron-se ao labor da nosa organización. Por vez primeira na historia da asociación superamos os tres mil sócios e sócias, que durante moito tempo víñamos rondando con maior ou menor proximidade á cifra.

Cifra histórica de sócias e sócios. 250 altas nos últimos meses

Estamos de parabéns, porque este aumento evidencia a enorme potencialidade da Mesa, a sua capacidade para aglutinar ás persoas que desexan a normalización do idioma e dan-lle forzas para converter-se no motor da normalización lingüística deste país.

E ti, aínda non te afiliache? Non o dubides máis! Entra! De ti depende que o futuro sexa en galego.



A MESA renova a sua estrutura en Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral Extraordinaria da Mesa, celebrada o pasado dia 15 de Febreiro, aprobou, con máis do 90 % dos apoios, as seguintes mudanzas:

- Criar o cargo da Secretaria Xeral, encargada de funcións de coordinación da Mesa e dos colectivos dependentes e/ou vinculados.
- Posibilitar a remuneración a cargos directivos para que se dediquen a tempo completo á asociación.
- Modificar o esquema de Asembleas Xerais. Haberá asembleas anuais para dar contas de finanzas e de memoria de traballos, pero a elección da directiva e as liñas programáticas debaterán-se cada 3 anos.
- Aprobar a constituición da Fundación Via Galego, que promoverá a circulación e intercambio cultural entre os territorios do sistema lingüístico galego-portugués.
- Posibilitar que as seccións de Mocidade e Nais e Pais polo Ensino en Galego se constituían como organizacións autónomas.

- Limitar os mandatos presidenciais a tres eleccións consecutivas.

Ademais, a Asemblea Xeral aprobou unha resolución en contra da invasión de Iraq, posto que ese mesmo dia se celebraban múltiples protestos en todo o planeta por este tema.



Nova páxina web

Nestes dias A Mesa estreou unha páxina web máis dinámica e máis participativa. Visita www.amesanl.org e coméntanos que che parece.

Nun país de palabras

Os Premios e a boa literatura


Premio Nacional de Literatura



UN TRANVÍA CARA A SP
Unai Elorriaga

A vida nun mundo no que o imaxinario e o real se confunden

Premio de Novela
Manuel García Barros



UN NICHU PARA MARILYN
Miguel Anxo Fernández

Un detective galego á procura dunha lenda.

Premio de Novela
Eduardo Blanco Amor



AS VOCES DA NOTICIA
Xosé Monteagudo


Novela da investigación xornalística dun asasinato.

Premio de Novela
Liceo Rubia Barcia - Cidade de Ferrol



O BOSQUE DE LEVAS
Alfonso Álvarez Cáccamo

O humor como vía de interpretación da realidade.



O EMBRIÓN
Antón Risco

Prosa polidérica na que se dan cita os mitos da cultura occidental.



A ESTRAÑA ESTRELA
Xabier López López

Aventuras que enfan sucesos históricos coa máis absoluta fabulación.

As Letras de Avilés



VIDA DE ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
Xosé María Álvarez Cáccamo



ANTOLOXÍA
Antón Avilés de Taramancos
Limiar e Escolma Ana Romaní

Convocatoria de Asemblea Xeral Ordinaria: 29 de Marzo en Santiago de Compostela

Pola presente, convoca-se Asemblea Xeral Ordinaria de Sócios e Sónas da Mesa pola Normalización Lingüística, que terá lugar en Santiago de Compostela o sábado día 29 de Marzo ás 9,30 h, en primeira convocatoria, e ás 10 h, en segunda, no Salón de Graus da Facultade de Filoloxía, coa seguinte orde de traballos:

1. Aprobación, se proceder, do regulamento da Asemblea Xeral Ordinaria.
2. Exame e aprobación, se proceder, das actas da anterior asemblea ordinaria e extraordinaria.
3. Admisión, se proceder, de novos sócios e sónas e ratificación, se proceder, das baixas.

4. Exame e aprobación, se proceder, do Informe de Xestión.
5. Exame e aprobación, se proceder, do Informe de Contas.
6. Elección da nova Comisión Permanente.
7. Exame e aprobación, se proceder, do orzamento para o próximo exercicio.
8. Rogos e preguntas.

O regulamento da asemblea pode-se consultar através da páxina web da Mesa ou solicitar-se no local social. Lembra-se que, segundo o estipulado polos estatutos, os cargos que debe recoller toda proposta de Comisión Permanente son os seguintes: Presidencia, Vicepresidencia,

Secretaria Xeral, representante da Mocidade pola Normalización Lingüística, representante de Nais e Pais polo Ensino en Galego e Responsábel da Coordinadora de Zonas (cfr. art. 19.3).

Calquer sócio ou sóna individual coas cuotas ao día poderá presentar unha candidatura á Comisión Permanente da organización. As candidaturas presentarán-se no local da Mesa en Santiago (Campo do Cruceiro do Gaio, 7-1º), até as 14 h do día 21 de Marzo.

Entrega de instancias no concello

O sábado 1 de Febreiro realizou-se unha entrega de instancias no rexistro municipal coruñés. Ese acto tivo como obxectivo primeiro reclamar o uso do galego e do topónimo oficial en todos os ámbitos de funcionamento do concello coruñés, mais tamén demandar que o goberno municipal deixe de malgastar diñeiro público en atacar fobicamente a lingua e a cultura galegas.

A Mesa escolleu o 1 de Febreiro para esa simbólica entrega de instancias no Rexistro do Concello, pois nesa data fixeron-se 80 anos da morte de Manuel Murguía. Como é ben sabido, Murguía é un home referencial na recuperación da nosa lingua e da nosa cultura e estivo vinculado boa parte da súa vida á cidade de A Coruña.

Derradeira solicitude de execución forzosa de sentenza ao concello de A Coruña

A Mesa pola Normalización Lingüística apresentou o 14 de Xaneiro un novo escrito perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza solicitando a execución forzosa da sentenza que obriga o Concello de A Coruña a utilizar o topónimo da cidade coa súa forma xenuína e legal e a usar o idioma galego en todos os actos municipais.

A Mesa considera que o alcalde coruñés mantén unha postura claramente incívica,

que ataca o estado de dereito e que fomenta a confrontación cidadá. Unha Administración non pode desouvir as sentenzas xudiciais, contravir a lexislación e malgastar diñeiro público en perseguir o idioma galego.

Non podemos tampouco esquecer o dito por Francisco Vázquez a finais de 2002: o seu desexo sería que os idiomas galego, catalán e basco fosen ilegalizados. Estamos diante dun irresponsábel que realiza afirmacións que non se lle ouven a estas alturas nen a unha mómia da extrema dereita. Con motivo destas declaracións, A Mesa editou 85.000 follas voandeiras para distribuír pola cidade de A Coruña e por toda Galiza.



NUNCA MÁIS

A Mesa aderiu-se a Nunca Máis

O mesmo día que se decidiu emprender unha campaña de colaboración con ADEGA en relación coa catástrofe do Prestige e as xestións dos gobernos galego e español, a Comisión Permanente decidiu por unanimidade que a organización se integrase na plataforma cidadá Nunca Máis.

Nais e Pais

O Colectivo de Nais e Pais polo Ensino en Galego de Compostela mantén unha Ludoteca no local da Asociación Cultural Itaca para neno/as de 2 a 6 anos. As actividades desenvolven-se todos os luns de 17,30 a 19,30 horas; os obxectivos das mesmas procuran o coñecemento e uso da lingua galega desenvolvendo actividades de iniciación á educación física, plástica e musical. Tamén celebramos festas no Nadal, no Entroido e o Días das Letras Galegas. O prezo por asistir á Ludoteca é de 10 euros para os/as sócio/as da Mesa e de 12 euros para non sócio/as.

Animamos a todas/os as nais e pais a que traian aos seus/suas fillos/as e entren a formar parte deste grupo.

Caixas de Aforros: O galego, sempre en conta

A Mesa pola Normalización Lingüística considera que os bancos e as caixas de aforro conforman un dos sectores onde o proceso de normalización do galego vai máis ralentizado, por non dicir que está paralisado. Para mudar esta situación, a asociación solicitou entrevistas con responsábeis de todas as caixas de aforros actuautes na Galiza para presentar-lles catro puntos mínimos a cumprir, a saber:

1. Todo tipo de formulários deben estar ao dispor do público en galego. Todo tipo de operacións se deben poder realizar nesta lingua.

2. A publicidade estática e a rotulación deben estar, cando menos, en galego.

3. Os caixeiros automáticos deben ter opción de galego. Ademais, a opción de mudanza para outra lingua debe facer-se desde o galego.

4. As páxinas web deben ter opción en galego, debendo tamén establecer-se a opción de mudanza de lingua desde o galego.

Moi importante

No proceso de visita das zonas ao longo dos últimos meses e na convocatória dos diversos actos públicos realizados pola

Mesa, podemos comprobar que os datos da maioría dos sócios e sócias non están actualizados: teléfonos mal, domicilios nos cais non residen desde hai anos, falta maioritaria dun correo electrónico através do cal poder pasar avisos e informacións, etc.

Ademais, como sabedes, anualmente pasan-se a cobro os recibos da cuota da Mesa. É importante que todas as sócias e sócios axudemos a reducir o importante número de devolucións actualizando os nosos datos bancarios informando das mudanzas de conta.

Modificación de datos ou afiliación

AMPLIACIÓN OU RENOVACIÓN DE DATOS / NOVO SÓCIO OU SÓCIA

NOME:	APELIDOS:	
CARNÉ DE IDENTIDADE:	DATA DE NACIMENTO:	
ENDEREZO:		
CÓDIGO POSTAL:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
TEL. DA CASA:	FAX DA CASA:	CORREO ELECTRÓNICO:
PROFISIÓN:		
TRABALLA COMO:	CARGO OU POSICIÓN:	CENTRO DE TRABALLO:
TEL. DO TRABALLO:	FAX DO TRABALLO:	CORREO ELÉCTRÓNICO-TRABALLO:

TEN FILLOS: SI NON

DADOS DOS FILLOS/AS:

NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACIMENTO:
NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACIMENTO:
NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACIMENTO:
NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACIMENTO:

DADOS BANCARIOS

CUOTA MÍNIMA ANUAL DE 12,02 EUROS (ESTUDANTES E PARADOS)

CUOTA MÍNIMA ANUAL DE 30,05 EUROS

CUOTA ANUAL DE.....EUROS

NOME DA ENTIDADE:

SUCURSAL DE:

ENTIDADE SUCURSAL D.C.

NÚMERO DE CONTA

Enviar a: A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA - Apartado 247 - 15705 Santiago de Compostela

colección quer ser a referencia de creación futura de Galiza, pola súa coidada selección e edición en tapa dura. Cada volume da colección porá-se despois á venda, só dentro do clube, ao prezo de 12 euros.

- *Biblos* terá un detalle singular cos mil primeiros sócios e sócias. Receberán un exemplar da tiraxe especial numerada e

asinada polo autor do primeiro volume da *Colección Mandaio*.

Animamos-te a que colabores con toda a vontade. Desde A Mesa e a Fundación Via Galego debemos acoller a aposta como algo importantísimo para a cultura galega. Esta empresa demostrará outra vez que xuntos somos quen do mellor. Todas as

editoras galegas e moitas das máis importantes de Portugal decidiron xa participar.

Biblos - Clube de lectores de Galicia ten moitos apoios, pero necesita tamén de nós para que esta nova idea sexa un éxito.

Libros en galego para o Bierzo

No Bierzo hai neste curso trescentas cincuenta persoas matriculadas en materias que se imparten en galego, no ensino primario e secundario. Nenas as bibliotecas dos centros de ensino nenas as municipais posúen libros na nosa lingua.

A Fundación Via Galego desenvolve nestes meses varias campañas locais de recollida de libros para entregar aos estudantes e bibliotecas do Bierzo.

Os cidadáns de Lugo poden doar obras escritas en lingua galega en quince establecementos que colaboran na campaña. Fala Ceibe do Bierzo encargaráse despois de distribuí-las. Colaboran os CAF de Lugo e Alto-Minho. En Ferrol desenvólvese a mesma campaña xunto coa Sociedade Cultural Medúlio, Artábria e o Ateneo Ferrolán. Hai tamén arredor de vinte tendas que axudan na recolleita dos libros.

A Concellaría de Cultura de Lugo douu unha grande partida de libros e subscreebeu a todos os centros de ensino e bibliotecas do Bierzo ás súas publicacións literarias e culturais. Rádio Fene, Galiza Nova e o xornal El Progreso tamén doaron libros.

Ao mesmo tempo procuramos que a cidadanía galega se informe sobre os territorios de fala galega que non pertencen á comunidade administrativa.

Nas próximas semanas estenderemos a campaña a Ourense e outras cidades.



350 ESTUDANTES DO
BIERZO RECEBEN POR
PRIMEIRA VEZ ENSINO DE
GALEGO EN PRIMARIA E
SECUNDARIA.

QUEREMOS LOGRAR UN
FUNDO BIBLIOGRAFICO
BASICO EN LINGUA
GALEGA NAS ESCOLAS
BERCIANAS.

A TUA COLABORACIÓN É
FUNDAMENTAL.

**Doa libros
en galego
para os
nenos e
as nenas
bercianas**

A tenda da **remesa**

CAMISETAS



Tallas: L, XL
Manga curta
6 €



Tallas: L, XL
Manga curta
6 €



Tallas: L, XL
Manga curta
Branco: 6 €
Gris ou cru: 9 €




Tallas: 9 / 11
Manga curta
Cor amarela
6 €



Tallas: 12 / 14
Manga curta
Cor amarela
6 €

AUGAFORTE



"Augaforte" de Xosé Monxardín 76 x 57 cm.
Exemplares numerados e asinados polo autor
90,15 €

NOVAS CAMISETAS



Tallas: M, L e XL
Manga longa
Cor gris
9 €



Tallas: L e XL
Manga curta
Cor negra
9 €



Tallas: L e XL
Manga curta
Cor vermella
9 €

ESTOXO



Estoxo de algodón
Cor cru
3 €

LÁPIS



Cor gris ou Cru
0,60 €

BOLIS



Tinta azul
Cor azul ou vermella (ácido)
1,20 €

CAMISETAS DE ILUSTRADORES GALEGOS



XAQUÍN MARÍN
Tallas: L, XL
Manga curta
Cor branca e amarela
9 €



PEPE CARREIRO
Tallas: L, XL
Manga curta
Cor branca e amarela
9 €



XOSÉ LOIS O Carrabouzo
Tallas: L, XL
Manga curta
Cor branca e amarela
9 €

AUTO-COLANTES



0,30 €



0,30 €



0,30 €

PUBLICACIÓNS



Catálogo da mostra artística
"Ourense por dignidade"
59 páx.
3 €



"A Coruña,
jási a queremos!"
6 €

CHUVASQUEIROS



Sen carapucha
Cor amarela
9 €



Con carapucha
Cor azul
9 €

MOCHILA



Cor gris ou Cru
23 €

GORRAS



Algodón 100 %
Cor negra
3 €
ADULTOS



Algodón 100 %
Cor azul
3 €
ADULTOS



Algodón 100 %
Cor vermella
3 €
NENOS



Algodón 100 %
Cor amarela
3 €
NENOS



DETALLES
GORRAS

RELÓXIO




- Relóxico de pulso,
cos nomes dos números en galego
- Correa de ante negra cosida
- Caixa metálica rectangular
- Garantía de 2 anos

Prezo: 36 Euros
Gastos de envío: 3 Euros

NOVIDADES

en defensa do mar



Mans salgadas

Javier Teniente

Prólogo de Fran Alonso

En edición trilingüe (galego-inglés-castelán)

Un gran libro fotográfico sobre o mar e o os mariñeiros de Galicia



A casa da duna

Fran Alonso / Manuel G. Vicente

O álbum infantil ilustrado concibido como obra de arte



Area maior

Manuel M. Barreiro

Ilustrado por Marcela Santoran

Unha batalla en defensa do mar e dos seus habitantes



Gameleiros

Manuel Álvarez

Poemas de Miro Villar

O retrato fotográfico e poético dos mariñeiros galegos

XERAIS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

